

# PROGRAMA DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL 2022

Programa para impulsar a formación do persoal investigador nas súas etapas iniciais



# ÍNDICE

1. Descripción
2. Novidades
3. Beneficiarios
4. Financiamento
5. Requisitos específicos da axuda
6. Conceptos subvencionables
7. Procedemento de concesión de axudas
8. Solicitud
9. Selección
10. Valoración
11. Concesión

# 1. DESCRICIÓN

O programa de apoio á etapa predoutoral financia a **contratación de 102 persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras**



Fináncianse os **contratos predoutorais**, incluídos os seus custos sociais

Opción de financiar un **contrato de capacitación para a formación posdoutoral**

**Estadías de tres meses no estranxeiro** para facilitar a obtención da mención de doutora ou doutor internacional

## 2. NOVIDADES



A **duración** do contrato pasa de 3 a 4 anos



No cuarto ano, posibilidade de converter a contrato de capacitación para a **formación posdoutoral**



A selección das persoas candidatas farase en **dúas fases**



**Non se exixirá estar matriculado** nun programa de doutoramento no momento de presentación da solicitude



Financiamento do **custo da matrícula** no programa de doutoramento

## 3. BENEFICIARIOS



Universidades do **SUG**



**Fundacións de investigación  
sanitaria** de Galicia:

Fundación Instituto de Investigación  
Sanitaria de Santiago de  
Compostela,  
Fundación profesor Novoa Santos,  
Fundación Biomédica Galicia Sur



**Organismos públicos de  
investigación** de Galicia



Centros do **CSIC** radicados en  
Galicia

## 4. FINANCIAMENTO

ORZAMENTO TOTAL DO  
PROGRAMA

**11.424.000 M€**

102 axudas

- A Secretaría Xeral de Universidades financiará as axudas correspondentes ás universidades do **SUG**  
**10.080.000 M€. 90 axudas**
- A Axencia Galega de Innovación financiará as axudas concedidas ás demais entidades  
**1.344.000 M€. 12 axudas**

## 5. REQUISITOS ESPECÍFICOS



### Contratos predoutorais:

- **Duración** mínima de 1 ano e máxima de 4. Tempo completo
- Os contratos inferiores a 4 anos poderán **prorrogarse** sucesivamente
- Data de **comezo** dos contratos: 1 de decembro de 2022, agás para as persoas non comunitarias que poderá ser ata o 28 de febreiro de 2023

## 5. REQUISITOS ESPECÍFICOS



**Contrato de capacitación para a formación posdoutoral:** duración máxima dun ano



**Estadías no estranxeiro:** terán que realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2024



## 5. REQUISITOS ESPECÍFICOS



### Persoas candidatas:

- Ter **nacionalidade** dun estado membro da Unión Europea. As persoas non comunitarias deberán contar cos permisos necesarios de permanencia no país
- Ter formalizada antes da sinatura do contrato, a **matrícula** nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do SUG para o curso 2022/2023
- Ter finalizados os **estudios** nunha data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2018, con certas excepcións nas que poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2015
- Dispor dun **expediente académico** cunha nota media igual ou superior a 7, ou a 6 para as titulacións da rama de Enxeñaría e Arquitectura
- Non ter o **título de doutor ou doutora** nin ter sido seleccionada noutras convocatorias predoutorais da Xunta de Galicia

## 5. REQUISITOS ESPECÍFICOS



### Duración e número das axudas:

- Non poderán ter unha **duración** inferior a 24 meses, contados desde a data de inicio do contrato
- As universidades recibirán un **máximo** de 90 axudas. As demais entidades poderán percibir ata 12
- Resérvanse prazas para a contratación de **persoas con discapacidade**: 3 no SUG, 1 nas demais entidades
- O número máximo de **persoas non comunitarias** que poderán obter as axudas é de 8 persoas no SUG, 1 nas demais entidades
- As axudas presentadas polo SUG distribuiranse entre as seguintes **ramas de coñecemento**: Artes e Humanidades; Ciencias; Ciencias da Saúde; Ciencias Sociais e Xurídicas; e Enxeñaría e Arquitectura. Mínimo 12 axudas por rama

## 6. CONCEPTOS SUBVENCIONABLES



### Contrato predoutoral

Importe máximo:

**24.000 €/ano** os tres primeiros anos

**29.000 €/ano** o cuarto ano



### Estadías no estranxeiro

Importe máximo:

**6.000 €**

(en función da zona de destino)



### Contrato de capacitación para a formación posdoutoral

Importe máximo:

**30.000 €/ano**



**Outros gastos** asociados á contratación, para o seguro durante a estadía e para o custo da matrícula no programa de doutoramento  
Complemento de **1.000 € anuais** por axuda

## 7. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

TRAMITACIÓN  
EXCLUSIVAMENTE  
TELEMÁTICA

[sede.xunta.gal](http://sede.xunta.gal)

### Código de procedemento:

- ED481A para as universidades do SUG
- IN606A para as demais entidades

### Prazo de presentación:

01/02/2022 – 28/02/2022



**Información:** na internet nos enderezos da **Secretaría Xeral de Universidades** e da **Axencia Galega de Innovación**

# 7. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN



## SOLICITUDE

Presentación da **documentación** necesaria para o procedemento de selección



## SELECCIÓN

Procedemento estruturado en **dúas fases**



## VALORACIÓN

Baremación das solicitudes seleccionadas na segunda fase



## CONCESIÓN

102 axudas:  
90 para universidades do SUG,  
12 para as demais entidades



### Documentación necesaria para a primeira fase

- Declaración asinada pola persoa candidata (anexo III)
- Certificación da universidade na que está matriculada ou na que se matriculará a persoa candidata (anexo V)
- Documentación de acreditación dos supostos de excepcionalidade para a data de finalización dos estudos
- De ser o caso, certificado de discapacidade se non está expedido pola Xunta de Galicia



### Documentación necesaria para selección na segunda fase

- Declaración da persoa que dirixirá a tese (anexo IV)
- Acreditación da aprobación do proxecto de tese ou declaración responsable da persoa candidata de que se vai someter a aprobación
- Proxecto de tese que se vai realizar
- Acreditación de méritos:
  - ▶ Certificación referida á persoa que dirixirá a tese
  - ▶ Memoria da adecuación do proxecto de investigación ás liñas estratéxicas sinaladas na orde
  - ▶ Certificado do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira
- Acreditación de ter concedida unha bolsa de colaboración do Ministerio de Educación e Formación Profesional

## 9. SELECCIÓN



### Primeira fase:

- Comprobación de que a persoa candidata compre todos os requisitos
- Comprobación da entrega de toda a documentación, agás os méritos
- Publicación do listado provisional de admitidos e excluídos na internet
- Prazo de emenda de erros ou da falta de documentos. 10 días hábiles
- Publicación do listado definitivo na internet e notificación na sede electrónica
- Selección de solicitudes
- Publicación do resultado da selección na internet e notificación na sede electrónica

Na primeira fase de selección aplicarase como único criterio a nota coa que concorren a esta convocatoria



## 9. SELECCIÓN



### Segunda fase:

- Comprobación da documentación relativa aos méritos das persoas candidatas que superasen a primeira fase
- Publicación das solicitudes con méritos incorrectamente acreditados na internet
- Prazo de emenda de erros ou da falta de documentos. 10 días hábiles

## 10. VALORACIÓN



- Expediente académico (anexo V). **Ata 40 puntos**
- Proxecto de traballo de investigación. **Ata 20 puntos**
- Adecuación ás **liñas estratéxicas** sinaladas na orde. **Ata 15 puntos**
- Nivel de coñecemento **lingua estranxeira**. **Ata 7 puntos**
- **Bolsa** de colaboración. **Ata 3 puntos**

O proxecto de traballo de investigación, así como a súa adecuación as liñas estratéxicas serán valorados por un **equipo avaliador externo ao sistema de I+D+i galego**

## 10. VALORACIÓN



- **Persoa que dirixirá** o traballo de investigación. **Ata 15 puntos** (non acumulativo)

Solicitudes do SUG:

- Pertenza a un grupo con potencial de crecemento que contara con financiamento nas convocatorias de 2019 a 2021. **5 puntos**
- Pertenza a un grupo de referencia competitiva que contara con financiamento nas convocatorias de 2018 a 2020. **10 puntos**
- Pertenza a un equipo de investigación dirixido por persoal investigador beneficiario do programa Oportunius ou de axuda ERC. **12 puntos**
- Pertenza a un centro de investigación con acreditación vixente a unha Unidade de Excelencia María de Maeztu ou a un centro de excelencia Severo Ochoa con axuda vixente. **15 puntos**

## 10. VALORACIÓN



- **Persoa que dirixirá** o traballo de investigación. **Ata 15 puntos** (non acumulativo)

Solicitudes das demais entidades:

- Desenvolvemento de proxectos I+D+i concedidos pola Gain entre os anos 2018 e 2021. **4,5 puntos**
- Participación en actividades financiadas pola Gain entre os anos 2018 e 2021. **10,5 puntos**
- Pertenza a un equipo de investigación do cal forme parte unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda ERC. **10,5 puntos**
- Participación en proxectos do Plan nacional de I+D+i entre os anos 2018 e 2021. **12 puntos**
- Participación en proxectos do Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2018 e 2021. Socio: **12 puntos**. Entidade líder: **15 puntos**

# 11. CONCESIÓN



- Publicación da resolución provisional de persoas seleccionadas para cada entidade beneficiaria na internet e notificación na sede electrónica
- Prazo de alegacións. 10 días hábiles
- Prazo para presentación de documentación. 10 días hábiles
- Publicación da resolución definitiva de concesión no DOG e na internet

# PROGRAMA DE APOIO Á ETAPA PREOUTORAL 2022



## TIPO DE CONVOCATORIA

Convocatoria conxunta entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

## ORGANISMO XESTOR E FINANCIADOR

Solicitudes SUG:  
Secretaría Xeral de Universidades

Solicitudes demais entidades:  
Axencia Galega de Innovación

## ORZAMENTO

11,42 M€

## TIPO DE APOIO

Axuda a fondo perdido

## CÓDIGOS DE PROCEDIMENTO

ED481A e IN606A

## DATA DE PUBLICACIÓN DOG

31/01/2022

## PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

01/02/2022 – 28/02/2022

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

[sede.xunta.gal](http://sede.xunta.gal)

# PROGRAMA DE APOIO Á ETAPA PREOUTORAL 2022



## MÁIS INFORMACIÓN


### Solicitudes **SUG**:

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E  
UNIVERSIDADE

Secretaría Xeral de Universidades

Subdirección Xeral de Promoción Científica  
e Tecnolóxica Universitaria

Servizo de Xestión Científico-Tecnolóxica

 San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

 881995152 / 881995157

 [promocioncientifica.educacion@xunta.gal](mailto:promocioncientifica.educacion@xunta.gal)

### Solicitudes demais entidades:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E  
INNOVACIÓN

Axencia Galega de Innovación

 Rúa Airas Nunes s/n, 15702  
Santiago de Compostela

 881999213 / 981543991

 [axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal](mailto:axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal)